

Resumo da normas contidas no Regulamento do Parlamento de Galicia relativas ao bo goberno e código Ético Institucional.

➤ Os/as deputados/as observarán nas súas actuacións os seguintes **principios xerais**:

- Respecto á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia e ao resto das normas que integran o ordenamento xurídico.
- Prevalencia da satisfacción do interese xeral como obxectivo da súa actuación.
- Respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir calquera discriminación por razón de orixe racial ou étnica, nacionalidade, idade, xénero, situación de embarazo, lingua, relixión, conviccións, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, prestando especial atención ás necesidades e integración das persoas con discapacidade.
- Defensa da dignidade, imaxe e prestixio do Parlamento de Galicia.
- Realización con lealdade, integridade, imparcialidade, obxectividade e coa dilixencia debida as misións e obrigas que teñan encomendadas.
- Suxeición aos principios de eficacia, economía, eficiencia, optimización e control do gasto no uso e manexo dos recursos públicos confiados en razón do posto.
- Mantemento dunha conduta digna, atenta, respectuosa e correcta coa cidadanía e cos/coas compañeiros/as.
- Transparencia na xestión dos asuntos públicos.

➤ Os/as deputados/as teñen o deber de **asistir ás sesións** do Pleno do Parlamento e das Comisións das que formen parte.

Publicaranse no Portal de transparencia, ao final de cada periodo de sesións, as asistencias dos deputados e das deputadas ás diferentes sesións parlamentarias e o sentido do seu voto.

- Os/as deputados/as teñen a obriga de **axeitar a súa conduta ao Regulamento** e a respectar a orde, a cortesía e a disciplina parlamentarias.
- Os/as deputados/as teñen a obriga de **non divulgar as actuacións** que, segundo o disposto no Regulamento, poidan ter excepcionalmente o carácter de **secretas**.
- Os/as deputados/as **non poderán invocar ou facer uso da súa condición de parlamentarios/as** para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.
- Os/as deputados/as teñen a obriga de efectuar **unha declaración dos seus bens e dereitos e daquelas actividades** que poidan constituír causa de incompatibilidade, de acordo co establecido na lexislación vixente, así como de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

As declaracións deberán formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputado/a e no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda de dita condición.

As declaracións deberanse actualizar sempre que existan circunstancias que as modifiquen.

As declaración de bens e dereitos conterá, entre outros, os datos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia:

As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa do/a Presidente/a. O seu contido será público, a través do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmobles e mais

aqueloutros que a Mesa acorde omitir para salvaguardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Tamén se inscribirán no Rexistro de Intereses as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos/as deputados/as sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

- Os /as deputados/as deberán observar en todo momento as normas sobre **incompatibilidades** establecidas na Constitución, no Estatuto e nas leis.

A Comisión do Estatuto elevaralle ao Pleno as súas propostas sobre a situación de incompatibilidade de cada deputado/a no prazo dos vinte días seguintes, contados a partir da plena asunción por el/ela da condición de deputado/a ou da comunicación, que obrigatoriamente deberá realizar, de calquera alteración na declaración formulada para efectos de incompatibilidades. Para estes fins, remitiráselle desde o Rexistro de Intereses á Comisión do Estatuto dos Deputados a copia das declaracións de actividades e as súas modificacións.

- Todo membro do Parlamento que se ocupe directamente, no marco da súa profesión ou no dunha **actividade remunerada**, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno dunha Comisión **manifestarao con anterioridade**.
- Durante as sesións do Pleno e das Comisións, os/as deputados/as teñen a obriga de **respectar as regras de orde establecidas polo Regulamento do Parlamento**, de evitar toda clase de perturbación ou desorde, acusacións ou recriminacións entre eles, expresións inconvenientes ao decoro da Cámara, interrupcións aos oradores sen autorización do/a Presidente/a e facer uso da palabra máis tempo do autorizado, como tamén entorpecer deliberadamente o curso dos debates ou de obstruír o traballo parlamentario.
- Os/as deputados/as poderán ser **privados/as**, por acordo da Mesa do Parlamento, **dalgún ou de todos os dereitos** que se lles conceden nos artigos 8 a 11 do Regulamento do Parlamento de Galicia (dereito de asistencia, dereito a solicitar información, dereitos de contido económico)



cando de forma reiterada e sen xustificación **deixaren de asistir voluntariamente ás sesións** do Pleno ou das Comisións e tamén cando **quebrantaren o deber de segredo** respecto das actuacións que poidan ter excepcionalmente o carácter de secretas.

- Os/as deputados/as que no recinto parlamentario, en sesión ou fóra dela, promovan **desorde grave coa súa conduta** de obra ou palabra serán inmediatamente **expulsados/as**, e o/a Presidente/a **suspenderaos/as**, no acto, dos seus dereitos parlamentarios por prazo de ata un mes.
- Os/as deputados/as quedarán **suspendidos/as** nos seus dereitos e deberes parlamentarios cando unha **sentenza firme condenatoria** así o imponha ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer a función parlamentaria.
- Poderá acordarse polo Pleno da Cámara a **suspensión temporal da condición de deputado/a** nos seguintes casos:
 1. Cando despois de terlle imposto e ter cumprida a sanción de privación de dereitos prevista no artigo 101 do Regulamento, o/a deputado/a persista na súa actitude;
 2. Cando o/a deputado/a porte armas dentro do recinto parlamentario;
 3. Cando o/a deputado/a despois de ser expulsado/a do salón de sesión se negue a abandonalo;
 4. Cando o/a deputado/a non respecte a orde, a cortesía e a disciplina parlamentarias, divulgue actuacións que excepcionalmente puideran ter o carácter de secretas ou invoque ou faga uso da súa condición de parlamentario/a para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.